



## **NON AO COPAGO CONFISCATORIO, QUE EXPULSA ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE E ÁS SÚAS FAMILIAS DA PROTECCIÓN E OS DEREITOS SOCIAIS**

*Pola reforma da Lei 39/2006, de Autonomía Persoal  
e Atención á Dependencia*

---

**3 DE DECEMBRO DE 2014**

**DÍA INTERNACIONAL E EUROPEO DAS PERSOAS CON  
DISCAPACIDADE**

---

Con motivo do Día Internacional e Europeo das Persoas con Discapacidade, instituído pola Organización de Nacións Unidas e a Unión Europea, a escala mundial e europea, e que cada ano se celebra o día 3 de decembro, o movemento social español da discapacidade articulado entorno ao CERMI fai público o seguinte

### **MANIFESTO**

A promulgación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, debeu supoñer un avance significativo na extensión e intensificación dos dereitos sociais de amplas capas da poboación que por razón de idade avanzada ou discapacidade, orixinaria ou sobrevida, precisan de apoios para a súa autonomía individual e a súa participación comunitaria en condicións de igualdade e dignidade.

O novo dispositivo de protección social, o Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), creado por esta Norma legal, debía comezar a reparar definitivamente o déficit histórico que nesta esfera presentaban as precarias e débiles estruturas de benestar en España. A consagración normativa da promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia como dereito subxectivo que levou parella a Lei 39/2006, a pesar das súas deficiencias, inauguraba unha nova forma de concibir e aplicar as políticas sociais que xerou enormes expectativas en todo o tecido social, que consideraba esta lexislación como unha conquista irreversible que permitiría mellorar as condicións de vida e de cidadanía de grupos sociais en situación estrutural de vulnerabilidade.

Transcorridos máis de sete anos desde a aprobación desta Lei, a implantación e despregamento deste novo sistema de protección e do dereito social en que se traducía, enfrontouse a unha morea de vicisitudes, entre elas, e como máis relevante, a virulenta crise económica e social que castigou a España neste período e que sacudiu con violencia as arquitecturas de benestar, sempre insuficientes, que han de caracterizar a un Estado como o español, que constitucionalmente se define como social. Esta adversa coxuntura económica, que induciu a aplicar feroces políticas de recorte de gasto público, en combinación con outros múltiples factores -políticos, sociais e de goberno do sistema- determinaron que os propósitos cos que naceu a Lei en boa parte se viran malogrados, deixando sen resposta as incitantes necesidades sociais que viña colmar.

Un dos aspectos que sen dúbida máis rexeitamento suscitou nestes anos de despregamento do SAAD por parte das potenciais persoas beneficiarias de la Lei, xerando máis cotas de frustración, foi o da regulación de todo o relativo á capacidade económica e a participación no custe das prestacións, coñecido popularmente como “copago”, que foi percibida como unha regulamentación carente de equidade e xustiza material, próxima ao confiscatorio e que máis ca convidar a exercer o dereito subxectivo, expulsaba ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade destinatarias

naturais do sistema, polo gravoso dos seus exacerbados requirimentos en materia de achega económica.

Entre as persoas con discapacidade e persoas maiores que necesitan apoios intensos para a súa autonomía individual e a súa participación comunitaria, as mulleres e nenas con discapacidade e as nais cuidadoras ou asistentes de persoas con discapacidade, pola súa situación estrutural de maior exclusión, por razón de xénero e discapacidade, sofren particularmente os efectos do copago confiscatorio, impedindo o apoio aos apoios sociais imprescindibles ou restrinxindo ou suprimindo os escasos e precarios que viñan recibindo, afondando a súa situación de desvantaxe obxectiva, abocándoas aínda máis á pobreza e á exclusión social.

Esta desacertada e máis ca inxusta regulación dos aspectos económicos de participación no custe das prestacións, que comporta un risco real de baleirar o dereito creado pola Lei, ha de ser corrixida de inmediato e así o avala non só a opinión maioritaria dos movementos sociais de persoas maiores e persoas con discapacidade e as súas familias, senón tamén o criterio dos profesionais dos servizos sociais e das persoas expertas e analistas que fixaron a súa posición nunha multiplicidade de estudos e informes sobre a Lei 39/2006 desde a súa aprobación e á vista dos desenvolvementos que foi tendo nestes anos de vixencia.

Co fin, pois, de reorientar e fortalecer este dispositivo de protección social, dotándoo de maior equidade e apertura, e contrarrestando os efectos perversos evidenciados nestes primeiros anos de desenvolvemento, resulta urxente e imprescindible modificar a Lei 39/2006 para establecer criterios máis claros, xustos e iguais en relación coa capacidade económica e a participación no custe das prestacións de autonomía persoal e atención á dependencia por parte das persoas beneficiarias, mulleres e homes con discapacidade e de idade avanzada.

Para o movemento social da discapacidade organizado entorno aoCERMI, esta reforma legal debe pasar por:

- Modificación do artigo 14 da vixente Lei, para precisar que será tamén obxecto de normativa regulamentaria estatal a regulación da participación no custe das prestacións, ao igual que ocorre agora coa capacidade económica. De igual modo, respecto deste mesmo artigo, débense ampliar os factores que se teñen presentes á hora de determinar tanto a renda como o patrimonio, engadindo á idade o momento vital de aparición da situación de dependencia e a súa maior ou menor prolongación ao longo da vida da persoa beneficiaria.
- Modificación do artigo 33 do texto legal para incorporar diversas garantías para as persoas beneficiarias que modulen o seu esforzo de participación no custe das prestacións que reciben, como a exención de achega por debaixo dun determinado albor de capacidade económica (2,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples -IPREM-); a limitación máxima na participación, que quedaría fixada no 60 por cento do prezo de referencia do custe do servizo; ou, en fin, a seguridade dun mínimo para gastos persoais, que non sería inferior ao 40 por cento da capacidade económica.

Con estas medidas, que posteriormente terán a súa concreción regulamentaria, eliminaríanse trabas de importancia na aplicación equitativa da Lei 39/2006, reforzando o carácter de dereito subxectivo e ampliando o universo de persoas que en situación real de necesidade poderán acollerse ás súas prestacións e servizos.

Para conseguir esta reforma legal inaprazable, o CERMI anuncia, no Día Internacional e Europeo das Persoas con Discapacidade 2014, a posta en marcha dunha Iniciativa Lexislativa Popular, con arranxo ao establecido na Constitución Española e na Lei Orgánica 3/1984, de 26 de marzo, reguladora da iniciativa lexislativa popular, co propósito de solicitar nos vindeiros meses 500.000 sinaturas de cidadáns e cidadás que permita levar esta proposta de cambio legal ás Cortes Xerais para a súa aprobación.

O movemento organizado da discapacidade fai un chamamento ao conxunto da sociedade española para solidarizarse con estes obxectivos plasmando o seu respaldo na sinatura masiva da Iniciativa Lexislativa Popular para a aprobación da “Proposición de Lei de modificación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de

promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, en materia de participación no custe das prestacións e servizos das persoas beneficiarias”.

3 de decembro de 2014.

**Comité Español de Representantes  
de Persoas con Discapacidade  
CERMI**

[www.cermi.es](http://www.cermi.es)